GRUPO MUNICIPAL
A POBRA DO CARAMIÑAL

CONCELLO DA POBRA DO CARAMINAL
REXISTRO ENTRADA
2018-E-RC-5506
14/09/2018 12:49

Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN relativa á preparación de gabias, cunetas, regos e camiños para o inverno.**

## .EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As vías e camiños de titularidade municipal presentan, en termos xerais, unha situación que non permitirá atender adecuadamente a chegada das chuvias e a súa correcta canalización. Cando estamos a terminar o verán, moitas destas vías e camiños, a maiores de continuar con moitas fochancas e firme en mal estado, teñen as súas beiras cheas de maleza e, sobre todo, as gabias ou cunetas completamente atoradas e cubertas, polo que non poderán canalizar adecuadamente as augas da chuvia. Evidentemente isto ocasionará un deterioro maior do firme das vías, así como a chegada das augas das chuvias a lugares inapropiados, causando moitas veces prexuízos a particulares.

Igualmente moitos regos permanentes de auga que teñen unha canalización para evitar que sobarden e cheguen ás vías, e que neste período do estío levan pouca auga, polo que non están a causar problemas neste momento, tamén teñen esas canalizacións sen limpar. E o mesmo ocorre coas canalizacións e drenaxes de determinadas obras e infraestruturas como pode ser a autovía ou o polígono industrial da Tomada.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

## ACORDOS

**1.- O goberno municipal desenvolverá as actuacións precisas para limpar as beiras das vías e camiños municipais, así como das gabias ou cunetas e outras canalizacións para asegurar o correcto tratamento e desaugue das augas pluviais.**

A Pobra do Caramiñal, 14 de setembro de 2018.

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.